



Eva Díez. #Sen título. 2019

### III.

Dispós as pezas do horizonte con certo estrañamento, obviando que é unha ollada allea quen pautou como o miras todo. Pérdeste nun temporal de nomes e rostros. Pertences a este lugar e non pertences a ningún lugar

Procuras reconstruír as palabras. Entender que onde dixeron baleiro había vida. Onde dixeron que conviña a fuga había desesperanza e carencia. Onde dixeron que había progreso houbo resistencia e suor

Ti marchas e volves. Miras e apartas os ollos. Intentas entender. Un día deteste: Ata cando vas ignorar a dirección dos teus pasos? Ata cando vas obviar a inutilidade da inacción?

Non é certo que desde fóra, desde o alto, se mire mellor. Ao lonxe pérdese a verdade da materia e dos corpos.

Alá abaixo, onde risca o vento, onde cada cousa recibe un nome e ocupa o seu lugar, aí é onde acontece todo. Onde se tece e destece todo o que ti es, o que nos posibilita.

Un lugar sen espellos, no que as fisuras braman a chamar por nós para que as pechemos cos dedos

**Lara Dopazo Ruibal**